

Plan de Continxencia

CPR San José 36006675

Curso 2020 2021

1º Aprobación: 08/08/2020 baixo a supervisión e aprobación do Equipo Directivo

2º Aprobación: 6/11/2020 baixo supervisión do Equipo Directivo

A pandemia do COVID 19 provocou a necesidade de tomar medidas específicas de prevención e protección que levan a reorganización de varios procesos dentro do centro.

O comezo do curso 2020 2021 terá que estar programado de maneira meticulosa que permita a reincorporación presencial dos nosos alumnos, cumprir os obxectivos educativos e a socialización, que favorezan o desenvolvemento óptimo dos nosos alumnos, paliar a brecha educativa e garantir a igualdade entre eles.

O Plan de Continxencia do CPR San José 36006675 terá como finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que esta teña que ser interrompida como consecuencia da aparición dun gromo que supoña a suspensión presencial dunha clase ou do centro.

Por outra banda, garantirá a continuidade, cunha planificación horaria de traballo, da ensinanza para o alumnado sempre que exista un peche de aula ou de centro por algún motivo concreto (gromo ou confinamento xeral).

Garantirá a presenza periódica de simulacións de uso de educación a distancia mentres que este non se estableza como método de traballo por gromo ou confinamento xeral.

Todo o profesorado garantirá este proceso debido a formación global da comunidade educativa.

Dende do centro plantexamos varios escenarios que poidan suceder:

Escenario 1: Nova Normalidade. Os nosos alumnos virán o centro baixo as normas plantexadas no Plan de Adaptación do centro.

Escenario 2: Empeoramento do escenario da pandemia. Tomaranse medidas específicas en cada caso, marcando en todo momento o cambio preciso das normas e seguindo sempre os protocolos marcados pola Consellaría de Sanidade e a Consellaría de Educación.

Escenario 3: O peche por gromos. Sería a peor situación posible para a comunidade educativa. Seguindo sexa a situación tomaranse medidas específicas para o peche do centro e posta en marcha da formación telemática e para unha posterior reactivación da formación presencial.

Este Plan afectará aos seguintes actividades e servizos:

Educación infantil

Educación Primaria

Plan Madruga

Servizo de Comedor

Actividades extraescolares

Actividades Complementarias

ACTUACIONES PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

Seguindo as normas establecidas no Plan de Adaptación do COVID para o curso 2020 2021 levaranse a cabo as seguintes premisas:

- Os alumnos non poderán asistir ao centro sempre que teñan síntomas compatibles co COVID-19.
- O persoal docente que se atope en situación de sintomatoloxía relacionada co COVID-19 non poderá asistir ao seu posto de traballo.
- Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

- Os alumnos e docentes que estean en situación de illamento por diagnóstico do COVID ou relación con persoas con diagnóstico COVID non poderán asistir ao centro e deberán informar ao centro da situación na que se atopan.
- Cunha aparición dun suposto no que unha persoa do persoal docente ou un alumno se sospeite que comeza a ter síntomas no centro levaranse ao aula de illamento e seguiranse as normas precisas marcadas no Plan de adaptación COVID. Cando exista un caso chamarase ao centro de atención primaria ou ao número de referencia do Sergas e seguiranse as instrucións. Se o caso é moi preocupante chamarase ao 061. Se o que ten síntomas é un traballador deberá abandonar o seu posto de traballo protexido coa máscara.
- O equipo COVID do centro estará en todo momento atento aos casos que se poidan crear dentro ou fora do centro e sempre estará en constante comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade e a Xefatura Territorial de Educación.
- Informarase as familias de que deben estar en constante comunicación co centro e co seu centro de saúde sempre que un alumno poida ter síntomas relacionados co COVID.
- Sempre se seguirán as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade e da Xefatura Territorial de Educación.

Tras a aparición dun caso pódense producirse varias consecuencias:

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- As autoridades sanitarias e educativas determinarán o nivel de afectación e polo tanto o nivel de corentena necesario.
- As autoridades sanitarias, en función do número de contaxios, poderá pedir o peche dun aula, dun nivel ou de todo o centro educativa.
- O peche ou suspensión dun aula, nivel ou todo o centro educativo traerá consigo a aplicación das normas de formación telemáticas previstas neste plan.

Medidas específicas para Educación Infantil

- Seguimento do distanciamento social
- Necesidade de manter as proteccións respiratorias en recreos.
- Seguimento da limpeza de mans en todos os momentos educativos.
- Con mais de 37 grados os alumnos deberán quedar na casa, informar ao centro de saúde e ao centro.

Medidas específicas para Educación Primaria

- Seguimento de distanciamento social
- Necesidade de manter as proteccións respiratorias en aulas, recreos, corredores e aseos.
- Seguimento da limpeza de mans en todos os momentos educativos.
- Distanciamento social en corredores e movementos dentro do centro.
- Con mais de 37.5 grados os alumnos deberán quedar na casa, informar ao centro de saúde e ao centro.
- Información sobre a escola a distancia ao inicio do curso
- Información para unha vida saudable ao longo do curso.

ACTUACIÓN PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Seguindo os escenarios plantexados polo centro, neste caso estableceranse as medidas oportunas para levar o traballo telemático da maneira mais correcta posible para que todo o alumnado do centro sexa tratado de maneira equitativa e non se sufra ningún tipo de discriminación.

Neste caso onde o centro suspende o desenvolvemento da actividade lectiva de maneira presencial seguiranse as seguintes normas:

- A actividade educativa levarase de maneira telemática por parte de todos os docentes, dende educación infantil ata 6º de educación primaria, sendo especialmente rixida a partir de 3º de educación primaria.
- A actividade lectiva será impartida en todo momento por o profesorado ordinario seguindo un desenvolvemento de traballo diferenciado e cun horario espello predeterminado que garante a formación.
- As tarefas do alumnado serán semellantes as realizadas de maneira presencial. Garantirase a formación directa do profesor cara os alumnos e o desenvolvemento do traballo práctico, tendo en conta tamén o tempo de lecer.
- O alumnado será titular dos mesmos dereitos e deberes que coa ensinanza presencial, polo que estará obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e estará sometido ás mesmas normas de convivencia que no centro.
- O profesorado terá a obriga de realizar un seguimento do alumnado, impartindo o contido das materias de maneira virtual e poñerá tarefas propias do traballo presencial, garantindo así a avaliación continua dos alumnos/as.
- A atención ás familias e ao alumnado será de maneira telemática mediante correo electrónico, whatsapp e videochamadas.
- O servizos de secretaría do centro realizaranse preferiblemente de maneira telemática mediante whatsapp, correo electrónico e conversa telefónica.

O centro especificará ao comezo do curso as solucións tecnolóxicas que se plantexan ao longo do curso por si se produce algún gromo no centro a toda a comunidade educativa.

Antes de que exista algunha situación no centro:

- Aula Virtual

Cando exista unha transmisión mínima ou moderada (Caso específico de peche dun aula):

- Aula Virtual
- Blog educativo
- Videochamas tutoriais
- Tutorías online cos pais, nais e titores
- Información as familias e aos alumnos mediante tutoriais como deben utilizar as plataformas existentes.

Cando exista unha transmisión substancial na comunidade educativa (Peches de nivel ou de centro):

- Aula Virtual
- Blog educativo
- Videochamadas tutorías
- Tutorías online cos pais, nais e titores
- Información as familias e aos alumnos mediante tutoriais como deben utilizar as plataformas existentes.
- Realización de sesións online

Seguirase en todo momento ao alumnado de maneira que se poida dar a maior cantidade de contidos posibles e da maneira máis práctica posible.

O equipo COVID do centro terá a obrigaón en todo momento de titorizar a toda a comunidade educativa para poder identificar posibles dificultades de conexión, falta de equipamento, ...

Seguiranse en todo momento as medidas que a Consellaría de Educación poida tomar segundo o nivel de suspensión de actividade e segundo o tempo de suspensión.

HORARIOS ESPECÍFICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

HORARIO 1º PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:35	Lingua Castelá	Lingua Castelá	Lingua Castelá	Lingua Galega	Lingua Castelá
09:35-10:10	Lingua Galega	Lingua Galega	Música	Matemáticas	Ed. Física
10:10-10:45	Inglés	Matemáticas	Plástica	Inglés	Lingua Galega
10:45-11:20	Relixión/ Valores	Ed. Física	Matemáticas	Ciencias Sociais	Matemáticas
11:20-11:55	Matemáticas	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais
11:55-12:00	RECREO				
12:25-14:00	Exercicios Prácticos	Exercicios prácticos	Exercicios prácticos	Exercicios prácticos	Exercicios prácticos
16:00-17:00			Titoría		

HORARIO 2º PRIMARIA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 – 9:35	Lingua castelá	Inglés	Música	Inglés	Matemáticas
9:35 – 10:10	Matemáticas	Ed. Física	Lingua galega	Matemáticas	Lingua castelá
10:10 – 10:45	C.Sociais	Matemáticas	Matemáticas	C.Sociais	C. Natureza
10:45 – 11:20	Lingua galega	Lingua castelá	Lingua castelá	Lingua galega	Ed. Física
11:20 – 11:55	Plástica	C.Natureza	Relixión/Valores	Lingua castelá	Lingua galega
11:55 – 12:25	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:25 – 14:00	Práctico	Práctico	Práctico	Práctico	Práctico
17:00 – 18:00			Titoría		

HORARIO 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00/9.35	Música	Matemáticas	L. Castelá	L. Castelá	L. Castelá
9.35/10.10	C.Sociais	L. Galega	C.Sociais	L. Galega	Matemáticas
10.10/10.45	Ed. Física	Inglés	Matemáticas	Matemáticas	Inglés
10.45/11.20	L. Castelá	C. Natureza	Inglés	Ed. Física	L. Galega
11.20/11.55	L. Galega	Relixión	Plástica	C. Natureza	C.Sociais
11.55/12.25	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12.25/13.10	Actividade	Actividade	Actividade	Actividade	Actividade
13.10/14.00	Actividade	Actividade	Actividade	Actividade	Actividade

HORARIO 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:35	INGLÉS	MÚSICA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	INGLÉS
9:35 - 10:10	MATEMÁTICAS	GALEGO	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS
10:10 - 10:45	L. CASTELÁ	EF	INGLÉS	GALEGO	GALEGO
10:45 - 11:20	CCSS	L. CASTELÁ	GALEGO	VALORES SS CC RELIXIÓN	CC NN
11:20 - 11:55	REFORZO	CC NN	CC SS	EF	PLÁSTICA
11:55 - 12:25	RECREO				
12:25 - 14:00	TRABAJO INDIVIDUAL	TRABAJO INDIVIDUAL	TRABAJO INDIVIDUAL	TRABAJO INDIVIDUAL	TRABAJO INDIVIDUAL
16:00 - 17:00	TITORÍA				

HORARIO DE CLASES 5º DE PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00-9.35	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	MÚSICA	MATEMÁTICAS
9.35-10.10	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ
10.10-10.45	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	NATURAIS
10.45-11.20	ED. FÍSICA	VALORES/ RELIXIÓN	ED. FÍSICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA
11.20-11.55	PLÁSTICA	INGLÉS	INGLÉS	LINGUA GALEGA	INGLÉS
11.55-12.25	R	E	CR	E	O
12.25-14.00	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO

»»» HORARIO TITORÍAS: MARTES 16.00-17.00 »»»

HORARIO DE 6º PRIMARIA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:35	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	MÚSICA
9:35 - 10:10	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS
10:10 - 10:45	REFORZO E AFIANZAMENTO	PLÁSTICA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA
10:45 - 11:20	CIENCIAS SOCIAIS	INGLÉS	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	INGLÉS
11:20 - 11:55	E. F.	CIENCIAS DA NATUREZA	E. F.	RELIXIÓN/ VALORES	CIENCIAS DA NATUREZA
11:55 - 12:25	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
12:25 - 14:00	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO	TRABALLO INDIVIDUAL DO ALUMNADO

Titorías: martes de 17:00 a 18:00 horas.

MEDIDAS ESPECÍFICAS NO MOMENTO DO PECHE

- Dende a dirección do centro, por medio dos canles oficiais do centro (correo electrónico e whatsapp) así como na páxina web, publicará a situación actual do centro.
- O profesorado do centro activará o traballo na aula virtual. Exporá primeiramente recursos e actividades de información ás familias e de traballo coa propia aula virtual. Posteriormente se comezará co traballo significativo dos contidos utilizando os propios recursos do ensino presencial (libros propios do alumnado, actividades específicas e docencia online).
- Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria (Programacións didácticas).
- A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O profesorado garantirá en todo momento o dereito á educación e a súa equidade. Garantirase ademais a atención a diversidade do alumnado para o cal cada profesor, en colaboración coa profesora de AL e PT, elaborará recursos organizativos e didácticos necesarios para cada caso, con carácter individualizado respondendo a cada unha das necesidades que poidan xurdir en cada momento.
- A administración educativa garantirá o dereito á educación e a tal fin disporá dos medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do

alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo: O mesmo día da corentena ou do peche o equipo directivo afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipo docente correspondente elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráse á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial do aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Nos supostos no que exista un abrocho de dimensión importante ou que sexa como consecuencia da finalización dunha situación de suspensión de actividade lectiva presencial, recomendase unha posible reactivación por fases. A determinación da súa necesidade e as eventuais fases correspondera a Consellaría de Educación co asesoramento da Consellaría de Sanidade.

Cada unha destas etapas terá unha duración aproximada dunha semana. Non se poderá avanzar a seguinte se non se obteñen os obxectivos descritos.

Os criterios recomendados para a organización das intervencións educativas durante o curso será o seguinte:

1. Priorizarase que os alumnos da mesma aula poidan estar xuntos, sempre que se poida garantir un espazo mínimo entre os escritorios de 1 metro. Coa intención de diminuír a transmisión das gotas de Pflugge, establecerase que na clase se manteñan os alumnos sentados no mesmo sentido na medida do posible. En caso ter que realizar traballo grupal sen cumprir co distanciamento físico utilizarase máscara por parte das persoas participantes.
 2. Se non fose posible conseguir esta garantía de distanciamento físico, optarase por dividir a aula en dous grupos, de forma que se habilite outro espazo dentro do centro escolar que permita seguir a clase de forma simultánea por medios telemáticos de streaming ao segundo grupo ou mediante a utilización do profesorado de garda.
- As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.
3. En todos os casos deberase levar a cabo un incremento das actividades lectivas dixitais que permitan ao alumnado o incremento dos seus coñecementos.

O modelo proposto establece catro fases:

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas para o horario da merenda.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de maneira graduada.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Defíniranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia do COVID 19.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%.

Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.
- O recreo e a merenda será realizada en dúas ou tres quendas.